



INSTRUCCIÓN DO 3 DE OUTUBRO DE 2014 POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2014, RELATIVO ÁS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA: PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN (CONVOCATORIAS 2012, 2013 E 2014) E PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIGADORES EMERXENTES, (CONVOCATORIAS 2012, 2013 e 2014)

En virtude do artigo 74 dos Estatutos da Universidade de Vigo, polo que se lle atribúe ao xerente a competencia na xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade, establécense as seguintes instrucións:

1. No relativo aos programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS") -. Convocatorias 2012 e, 2013 e de axudas a investigadores emerxentes ("EMER") -. Convocatoria 2012 e 2013 .-

Punto 1: Que a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2014.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2013 ata o 30 de novembro de 2014.

Punto 3: Que a data límite para que os investigadores entreguen as facturas nas unidades de asuntos económicos dos centros é o 10 de novembro de 2014.

Punto 4: Que a aplicación contable Xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable, alén do 14 de novembro.

Punto 5: Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 14 de novembro de 2014 ata as 14h00, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

Punto 6: Que para proceder á correcta certificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2014. Toda contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.

2. No relativo ao programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS") e de axudas a investigadores emerxentes ("EMER") -. Convocatoria 2014.-

Punto 1: Que segundo a Orde pola que se convocan as axudas para o ano 2014 (pendentes de Resolución); a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2014.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2014 para a convocatoria de programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas (CONS), e dende o 14 de maio de 2014 ata o 30 de novembro de 2014 para os proxectos da convocatoria de axudas a investigadores emerxentes (EMER).

Punto 3: Que a data límite para que os investigadores entreguen as facturas nas unidades de asuntos económicos dos centros é o 10 de novembro de 2014.

Punto 4: Que a aplicación contable xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 14 de novembro.

Punto 5: Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 14 de novembro de 2014 ata as 14h00, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

Punto 6: Que para proceder á correcta xustificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2014. Toda contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.

En Vigo, 3 de outubro de 2014



O xerente

Manuel Fernández Jauregui



Vicerreitor/a de Investigación e transferencia

Asunción Longo González

Sra. Vicerreitora de investigación e transferencia

Sr. Vicerreitor de Recursos humanos

Sr. Xefe do servizo de control interno

Sr. Xefe do servizo do persoal docente e investigador

Sra. Xefa do servizo de retribucións e seguros sociais

Sra. Xefa do servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría

Sr. Xefe do servizo de apoio á investigación e ao desenvolvemento

Srs. / Sras. Administradores/as de centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

Sr. Xefe da sección de tesouraría

Sra. Xefa da sección de proxectos de investigación

Srs. / Sras. Responsables de asuntos económicos dos centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)